

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

3750 *Real decreto 101/2010, do 5 de febreiro, polo que se modifica o Regulamento de desenvolvemento do título II da Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, no relativo ás autorizacións para a prestación de servizos e ao Rexistro Xeral de Empresas Prestadoras de Servizos Postais, aprobado polo Real decreto 81/1999, do 22 de xaneiro.*

A Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, aprobada no marco da Estratexia de Lisboa, establece unha serie de principios de aplicación xeral para a normativa reguladora do acceso e exercicio de actividades de servizos dentro da Unión Europea.

Por iso, a Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, co fin de garantir a efectividade do mercado interior da Unión Europea, incorpora ao ordenamento xurídico español a citada directiva.

Unha vez efectuado un exercicio de avaliación da normativa reguladora de acceso e exercicio das actividades, conforme os principios e criterios previstos na citada lei, ditouse a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre libre acceso á actividades de servizos e o seu exercicio, cuxo centro de gravidade é a eliminación de trabas ou cargas administrativas, substituíndo, en moitos casos, numerosos réximes de autorización por outros menos gravosos, como son a obriga de presentar unha declaración responsable ou unha comunicación previa.

Aínda que a Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, exceptúa da libre prestación de servizos os servizos de recolla, clasificación, transporte e distribución dos envíos postais no ámbito do servizo postal, inspirado nos principios da dita directiva, incluíuse na Lei 25/2009, do 22 de decembro, o artigo 26, que modifica varios preceptos da Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, en relación cos servizos que son ofrecidos e prestados en territorio español por operadores establecidos en España ou en calquera outro Estado membro da Unión Europea, aliñándose cos fins da normativa anteriormente mencionada respecto da eliminación de trabas e cargas inxustificadas.

Pola súa parte, o Real decreto 81/1999, do 22 de xaneiro, aprobou o Regulamento de desenvolvemento do título II da Lei 24/1998, do 13 de xullo, no relativo ás autorizacións para a prestación de servizos e ao Rexistro Xeral de Empresas Prestadoras de Servizos Postais.

Posteriormente, a Lei 23/2007, do 8 de outubro, de creación da Comisión Nacional do Sector Postal, asignou a esta comisión, no seu artigo 7.1.c) e l), o outorgamento e a revogación dos títulos habilitantes dos operadores postais e a xestión do Rexistro Xeral.

De conformidade co anteriormente exposto, apróbase a modificación deste regulamento partindo da necesidade de dotar de coherencia a regulación regulamentaria en todo o relacionado cos principios que emanan da directiva e de desenvolvemento dos contidos nas indicadas leis.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do 5 de febreiro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento de desenvolvemento do título II da Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, no relativo ás autorizacións para a prestación de servizos e ao Rexistro Xeral de Empresas Prestadoras de Servizos Postais, aprobado polo Real decreto 81/1999, do 22 de xaneiro.*

O Regulamento de desenvolvemento do título II da Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, no relativo ás autorizacións para a prestación de servizos e ao Rexistro Xeral de Empresas Prestadoras de Servizos Postais, aprobado polo Real decreto 81/1999, do 22 de xaneiro, queda modificado nos termos que se insiren no anexo deste real decreto.

Disposición adicional única. *Mencións.*

As mencións feitas no Regulamento de desenvolvemento do título II da Lei 24/1998, do 13 de xullo, á «autorización administrativa xeral» entenderanse feitas á «autorización xeral», de conformidade co previsto no artigo 26 da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do título competencial previsto no artigo 149.1. 21.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de correos e telecomunicacións.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Autorízase o ministro de Fomento para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a execución e desenvolvemento do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de febreiro de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Fomento,
JOSÉ BLANCO LÓPEZ

ANEXO

Modificación do Regulamento de desenvolvemento do título II da Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, no relativo ás autorizacións para a prestación de servizos e ao Rexistro Xeral de Empresas Prestadoras de Servizos Postais, aprobado polo Real decreto 81/1999, do 22 de xaneiro

Un. Modifícase o artigo 1, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 1. *Autorizacións.*

Para a prestación dos servizos postais regulados no título II da Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, establécese un réxime de autorización xeral, podéndose prestar o correspondente servizo logo de declaración responsable dos interesados, ou de autorización administrativa singular, de acordo co establecido neste regulamento.»

Dous. Suprímese o artigo 4, que queda sen contido.

Tres. Modifícase o artigo 5, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 5. *Documentación complementaria.*

A Comisión Nacional do Sector Postal poderá solicitar dos operadores postais a achega de datos complementarios de carácter estatístico relativos aos medios materiais e persoais dispoñibles, número e características dos envíos postais e, en xeral, aqueles que sexan necesarios para o mellor coñecemento do sector e para atender as obrigas estatísticas derivadas da pertenza a organizacións internacionais especializadas.

A negativa a subministrar a información requirida, sen causa xustificada, será constitutiva da infracción prevista no artigo 41.4.a) da Lei 24/1998.»

Catro. Modifícase o artigo 6, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 6. *Ámbito das autorizacións xerais.*

Establécese un réxime de autorización xeral para a prestación de servizos postais non incluídos no ámbito do servizo postal universal. O correspondente servizo poderase prestar logo de declaración responsable dos interesados.»

Cinco. Modifícase o artigo 7, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 7. *Presentación e rexistro das autorizacións xerais.*

1. Os interesados na prestación de servizos postais non incluídos no ámbito do servizo postal universal deberán presentar ao Rexistro Xeral de Empresas Prestadoras de Servizos Postais da Comisión Nacional do Sector Postal, con carácter previo ao inicio da actividade, unha declaración responsable, na que conste expresamente o sometemento e compromisos a que se refire o artigo 10.1 da Lei 24/1998, do 13 de xullo. Por orde do ministro de Fomento aprobarase o modelo desta declaración responsable.

2. A Comisión Nacional do Sector Postal practica de oficio a inscrición dos datos relativos ao interesado e dos servizos postais que pretende prestar no Rexistro Xeral de Empresas Prestadoras de Servizos Postais.»

Seis. O punto 2 do artigo 8 queda redactado da seguinte forma:

«2. Unha autorización xeral poderase estender a outros servizos dos indicados no artigo 6, sempre que o seu titular o solicite á Comisión Nacional do Sector Postal para a modificación da inscrición rexistral inicialmente practicada.»

Sete. O artigo 10 queda redactado como segue:

«Artigo 10. *Empresas inscritas no Rexistro Xeral de Transportistas e Empresas de Actividades Auxiliares e Complementarias do Transporte.*

A inscrición no Rexistro Xeral de Transportistas e de Empresas de Actividades Auxiliares e Complementarias do Transporte habilitará para a prestación dos servizos postais non incluídos no ámbito do servizo postal universal, unha vez que o interesado efectuese a comunicación desta circunstancia á Comisión Nacional do Sector Postal, na cal deberá constar o compromiso expreso de respectar as condicións a que se refire o artigo 9.2 e 9.3 da Lei 24/1998, do 13 de xullo.»

Oito. O artigo 14 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 14. *Outorgamento das autorizacións administrativas singulares.*

As autorizacións administrativas singulares serán outorgadas, con carácter regrado, pola Comisión Nacional do Sector Postal, por solicitude dos interesados, logo de acreditación do cumprimento por estes das condicións a que se refire o artigo anterior.»

Nove. O artigo 15 queda redactado como segue:

«Artigo 15. *Presentación de solicitudes.*

1. Os interesados na prestación dun servizo postal para o que se precise autorización administrativa singular deberán comunicalo á Comisión Nacional do Sector Postal, mediante a correspondente solicitude en que consten os seguintes datos:

- a) Nome e apelidos do interesado e, se é o caso, da persoa que o represente, así como a identificación do lugar que se sinale para efectos de notificación.
- b) Nacionalidade.
- c) O documento nacional de identidade, o NIE ou o pasaporte do solicitante e o número de identificación fiscal cando se trate dunha sociedade mercantil, a escritura de constitución e, se é o caso, a de modificación, debidamente inscritas no Rexistro Mercantil, e a documentación que acredite a personalidade e capacidade de quen actúa en nome e por conta dela.
- d) Feitos, razóns e petición en que se concrete a solicitude.
- e) Lugar e data.
- f) Sinatura do solicitante ou acreditación da autenticidade da súa vontade expresada por calquera medio admisible en dereito.
- g) Órgano administrativo a que se dirixe.

2. Na solicitude deberanse expresar con detalle o ou os servizos que se van prestar, as modalidades da súa prestación e cantos datos sexan necesarios para coñecer as características e o alcance das actividades que se pretendan realizar. Estes datos deberán ir acompañados dos documentos que acrediten a súa autenticidade.

3. Así mesmo, deberán achegar un compromiso de respecto dos requisitos esenciais establecidos no artigo 9.2 e 9.3 da Lei 24/1998, do 13 de xullo, xunto co xustificante do aboamento da taxa correspondente.

4. As solicitudes tramitaranse de conformidade co procedemento para o outorgamento de autorizacións administrativas establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nas súas normas de desenvolvemento.»

Dez. Suprímese o artigo 16, que queda sen contido.

Once. O artigo 17 pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 17. *Finalización do procedemento.*

1. A Comisión Nacional do Sector Postal, unha vez finalizado o expediente, ditará resolución motivada que concederá ou denegará a autorización solicitada.
2. Na resolución pola que se autoriza a prestación do servizo de que se trate, fixaranse, cando proceda, as obrigas e requisitos de servizo público a que se refiren os artigos 12 e 22 da Lei 24/1998, do 13 de xullo.
3. Transcorrido o prazo de tres meses desde que a solicitude de autorización singular tivese entrada no Rexistro da Comisión Nacional do Sector Postal sen recaer resolución expresa, aquela poderase entender estimada.»

Doce. O artigo 18 queda redactado da forma seguinte:

«Artigo 18. *Inscrición no Rexistro Xeral de Empresas Prestadoras de Servizos Postais.*

Os datos relativos aos titulares de autorizacións administrativas singulares serán inscritos no Rexistro Xeral de Empresas Prestadoras de Servizos Postais de oficio, pola Comisión Nacional do Sector Postal, cando se trate da primeira inscrición e, por instancia dos interesados, para as modificacións sucesivas.»

Trece. O artigo 20 queda redactado como segue:

«Artigo 20. *Natureza e dependencia do Rexistro.*

O Rexistro Xeral de Empresas Prestadoras de Servizos Postais levarase na Comisión Nacional do Sector Postal.

O dito Rexistro, cuxo ámbito é nacional, terá carácter público e as certificacións expedidas polo encargado deste acreditarán fidedignamente o contido dos seus asentos.

Os datos rexistrados serán de libre acceso para a súa consulta por cantos interesados o soliciten.»

Catorce. O artigo 21 queda redactado da maneira seguinte:

«Artigo 21. *Estrutura do Rexistro.*

O Rexistro constará de dúas seccións.

A) Operadores que presten servizos non incluídos no ámbito do servizo postal universal.

B) Operadores que presten servizos incluídos no ámbito do servizo postal universal.

Na sección A) inscribíranse os datos relativos aos operadores que, tendo enviado unha declaración responsable, prestan servizos non incluídos no servizo postal universal.

Na sección B) inscribíranse os datos relativos aos titulares das autorizacións administrativas singulares que prestan servizos incluídos no servizo postal universal.»

Quince. Modifícase o artigo 22, que pasa a ter a redacción seguinte:

«Artigo 22. *Primeira inscrición.*

A primeira inscrición será practicada de oficio pola Comisión Nacional do Sector Postal e nela deberán constar os seguintes datos:

- a) Nome e apelidos do interesado e, se é o caso, da persoa que o represente, e domicilio ou sede social.
- b) Data da autorización e categoría e modalidade desta.
- c) Servizos postais habilitados.
- d) Condicións xerais e específicas aplicables á autorización.»